

“ COÑEZO O MEU INSTITUTO E O SEU ENTORNO ”



- CENTRO: IES MURALLA ROMANA DE LUGO
- TRABAJO: PROXECTO INTERDISCIPLINAR
- SINOPSE: Coñecemento do instituto onde estudio, a cidade na que vivo e a provincia.
- CURSOS: 1º ESO
- PROFESORAS TITORAS: M^a Luisa Díaz Cadenas – 1º A
M^a José Cortiñas Darriba – 1º B

ÍNDICE.-

1.- DATOS XERAIS

2.- DATOS DO PROXECTO

3.- OBXECTIVOS XERAIS

4.- METODOLOXÍA

5.- PROXECTO

1.- DATOS XERAIS.-

1.1. CENTRO EDUCATIVO: IES Muralla Romana de Lugo.

1.2. CORREO DO CENTRO EDUCATIVO: ies.muralla.romana@edu.xunta.es

1.3. UBICACIÓN: Lugo.

1.4. LOCALIZACIÓN: Rúa Ángelo Colocci, s/n – 27071 Lugo

1.5. RESPONSABLES DO PROXECTO:

Titora 1ºA : Mª Luisa Díaz Cadenas

Titora 1ºB : Mª José Cortiñas Darriba

2.- DATOS DO PROXECTO.-

2.1. TIPO DO PROXECTO: Interdisciplinar.

2.2. INTRODUCCIÓN

As profesoras responsables deste Proxecto creen que hoxe é moi importante a implantación de novas metodoloxías máis activas que fomenten a motivación, xa que un alumno/a motivado é capaz de realizar progresos máis axeitados.

Hai que desterrar a crenza que os nosos alumnos teñen que traballar porque sí, xa que esta idea só pode conducir ó fracaso.

É evidente que existen un cúmulo de elementos e circunstancias que nos afectan directamente a nós, ó profesorado, e que temos que ser conscientes e buscar novas canles para acadar mellores resultados.

Este proxecto permite desenvolver unha metodoloxía máis activa e investigadora, cuns contidos máis funcionais que motiven o noso alumnado, tratando de acadar un ambiente relaxado de respecto e traballo.

Consideramos que é un Proxecto motivador e ilusionante para toda a Comunidade Educativa, que se ve implicada no proceso educativo, aportando información dende as súas experiencias persoais e colaborando activamente.

2.3. XUSTIFICACIÓN

Escolleuse a realización deste traballo, tendo en conta diversos factores que afectan o noso alumnado.

Son alumnos que chegan por primeira vez ó noso instituto, procedentes de diferentes colexios e que non coñecen realmente as posibilidades que o centro ofrece.

Trátase de que dende o seu primeiro ano se familiaricen coas distintas posibilidades de formación, cun amplo abano que empeza na súa casa, continúa no centro de estudo e se estende ás diferentes familias profesionais.

Consideramos que estas vivenzas van ser moi productivas xa que a súa inmersión gradual a partires dun coñecemento práctico lles permitirá aprender a crecer en autonomía e responsabilidade.

2.4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AS CAPACIDADES DO ALUMNO.

O Proxecto interdisciplinar tentará a contribuir a enriquece-las capacidades de matemáticas, desenvolvemento ambiental, desenvolvemento persoal, social, cultural, artística e interacción co medio.

Tamén contribuirá a capacidade comunicativa e o vocabulario dos alumnos, á consolidación do hábito de lectura, o desenvolvemento de actitudes favorables a lectura mediante a creación de ambientes lectores, levando a cabo a integración das fontes informativas, en calquer soporte (impreso ou electrónico) para trata-los contidos do proxecto, adicando tempo a ler, mentres investigan.

Tratarase de que o alumnado acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento.

Durante todo o proceso utilizaranse os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a elaboración do material didáctico.

2.5. ÁREAS INVOLUCRADAS.

Lingua Galega, Castelá, Linguas Extranxeiras, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Matemáticas, Educación Plástica e Visual, Educación Física e Informática.

2.6. DURACIÓN DO PROXECTO.

Inicio: Setembro do 2011.

Termo: Xuño de 2012.

3.- OBXECTIVOS XERAIS.-

- Favorece-las relacións interpersoais.
- Aprender a traballar en equipo, o que implica responsabilidade, respecto, tolerancia...
- Búsqueda de información na biblioteca, internet...
- Motivar ao alumnado e ao profesorado no traballo diario.
- Poñer en práctica os coñecementos, habilidades e hábitos de traballo adquiridos nas diferentes áreas implicadas.
- Facer comprende-la necesidade de adquirir coñecementos teóricos que lle fan falla para desenvolver os seus traballos.
- Adquisición de hábitos persoais de traballo.
- Optimización da aprendizaxe significativa.
- Desenvolve-la autoestima dos alumnos coa satisfacción do traballo ben feito.
- Potenciar no grupo a solidariedade, o traballo en equipo, a cooperación e a colaboración entre os distintos membros do grupo.

- Utilizar ferramentas informáticas para elaborar o material didáctico con utilización das TIC.

4.- METODOLOXÍA.-

Co criterio de seguir unha ensinanza na que o alumno aprenda a coñecerse mellor, adoptaremos o lema de que o alumn@ aprenda a aprender, mediante unha ensinanza activa, na cal deba mobilizar as súas capacidades de percepción, cognición, decisión e execución, mediante unha ensinanza autónoma. Débese tender a conceder ó alumno e en cada momento niveis de responsabilidade e que tome decisións que estén acordes coas súas capacidades e posibilidades.

Dentro da metodoloxía baseada no constructivismo, realizaráse a que se deriva da aplicación dos métodos deductivos e inductivos, fixándose máis no proceso que no resultado do proceso, sen menospreciar este. Valora-los resultados, en relación as súas capacidades e o esforzo realizado, fomentará a autoestima e a motivación para seguir aprendendo.

A materia de Proxecto interdisciplinar, como o seu propio nome indica, por as súas especiais peculiaridades, debemos traballala sempre de forma interdisciplinar entre as diferentes materias do curso de primeiro de Ensinanza Secundaria Obrigatoria.

Tendo en conta a organización do grupo – clase, decir que temos dous grupos de 1º ESO, con alumnos en 1ºA (18) e alumnos en 1ºB (22), que presentan diferentes capacidades, motivacións e intereses, polo que compre incorporar estratexias preventivas que asuman as diferencias e asegurar-la construción de aprendizaxes significativas.

5.- PROXECTO.-

Traballo en equipo arredor dun eixe temático:

A) Lugo cidade ou B) provincia de Lugo.

O alumnado terá que:

- Ir buscando a información, analizando, seleccionando e compartindo.
- Desenvolver as súas capacidades para aprender a aprender.
- Aumentar o seu grao de autonomía.
- Achegamento do alumnado a un modo de traballo metódico que lle permita aplica-los procedementos e habilidades aprendidas, favorecendo a curiosidade e o interese para construír un coñecemento global.

5.1.DESENVOLVEMENTO.

No primeiro ano da educación secundaria obligatoria. Durante todo o curso académico, cunha hora de adicación semanal.

5.2. ETAPAS.

1.- Planificación:

- Establecer grupos de traballo.
- Identificación do contido: elaborar un guiión de traballo, puntos a desenvolver...
- Precisión de actividades: lecturas, recollida de datos...

2.- Desenvolvemento:

- Busca e tratamento da información.
- Elección e aplicación de fontes, técnicas, modelos e recursos adecuados e variados adaptados aos obxetivos.

- Técnicas que favorecen a adquisición, interpretación e transmisión de información.
- Interpretación de linguaxes escritas e gráficas. Aplicación ao traballo previsto.

3.- Presentación do proxecto:

- Elaboración dun borrador.
- Expresión oral, escrita e en soporte informático.
- Convencións básicas e trazos formais (índices, citas, bibliografía...).
- Organización e desenvolvemento jerárquico da información. Cohesión e coherencia.
- Aplicación dos recursos máis adecuados para comunicar o traballo realizado. Posibilidades das TIC.

5.3. AVALIACIÓN DO PROXECTO.

Avalíanse tanto o proceso coma o traballo final.

Terase en conta a autoavaliación do alumnado. Será referente á consecución das competencias básicas facendo fincapé en:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en resolución de problemas.
- Competencia en habilidades sociais e autonomía.

Aspectos Avaliables:

- A adecuación aos obxetivos, prazos e etapas.
- A capacidade de síntese, de análise das dificultades, valoración crítica.
- Adecuación e variedade de fontes e de recursos (incluídas as TIC) no desenvolvemento do proxecto, na realización escrita e presentación oral.

- Competencia lingüística:
 - Buscando información, interpretándola, seleccionándola, resumiendo, comunicando.

- Competencia para aprender a aprender:
 - Coñecendo as propias capacidades.
 - Buscando estrategias para avanzar.
 - Aprendendo a solucionar problemas.

- Competencias da súa propia autonomía:
 - Propoñendo.
 - Relacionando.
 - Analizando.
 - Decidindo.

- Competencia social e cidadá:
 - Respetando aos demais.
 - Escoitando.
 - Argumentando propias opinións.

Lugo, 18 de Novembro de 2.011

Fdo.: M^a Luisa Díaz Cadenas
Profesora Titora 1º E.S.O. A

Fdo.: M^a José Cortiñas Darriba
Profesora Titora 1º E.S.O. B